

## **PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL**

### **1 CONTEXTO E OBECTIVO DO PLAN DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA LOITA CONTRA A FRAUDE**

O presente documento plasma o contido do Plan de medidas antifraude da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol. A adopción do devandito plan por esta entidade local mostra o seu elevado compromiso cun alto nivel de calidade xurídica, ética e moral, xunto cos principios de integridade, imparcialidade, honestidade e transparencia; mostra da súa oposición e loita fronte á fraude e a corrupción.

A Mancomunidad asume o cumprimento dos principios de transparencia e bo goberno para asegurar unha óptima, adecuada xestión e acertado desempeño nas indicacións e obrigacións que se prevén no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (de aquí o en diante PRTR), financiado con Fondos Next Generation, EU (en diante, NGEU).

Esta política antifraude aspira a promover unha cultura administrativa e de xestión pública que exerza un efecto disuasorio ante calquera actividade fraudulenta. As medidas e actuacións de prevención, detección e corrección terán como finalidade principal erradicar calquera actuación fraudulenta, así como a investigación e posta en coñecemento de todas as posibles actividades ou actos corruptos ou fraudulentos. O desenvolvemento deste Plan de medidas antifraude implica o cumprimento de obxectivos e de esixencias comunitarias deseñadas para alcanzar unha correcta protección dos intereses da Unión Europea, e a apropiada actuación da Mancomunidad como entidade executora do PRTR.

O avance e o progreso na calidade dos servizos prestados, na atención á cidadanía e actuar baixo os altos estándares de transparencia e integridade son principios sobre os que se articula esta entidade local, e por iso, contráese este compromiso en materia antifraude. Este compromiso é transversal nesta Administración local e por iso será acatado polos seus órganos colexiados, empregados públicos e adxudicatarios nos procesos de contratación que sexan celebrados nos subproxectos e actuacións xestionados por esta Mancomunidad como beneficiaria dos fondos Next Generation EU (NGEU) no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR).

### **2. REFERENCIAS NORMATIVAS**

O desenvolvemento e elaboración deste Plan de medidas antifraude responde favorablemente aos requisitos e estipulacións establecidos no artigo 18.4 apartado r) do Regulamento 2021/241 e no artigo 6.5 da Orde HFP/1030/2021.

Este Plan de medidas antifraude, ademais de ser unha resposta ao regulamento europeo, está tamén suxeito á seguinte normativa:

#### **NORMATIVA COMUNITARIA:**

1. Regulamento (UE) 2021/241, Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia e o resto de normativa que o desenvolva.



2. Regulamento (UE, Euratom), 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2019, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento financeiro da UE). DOUE do 30 de xullo de 2018.

3. Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal (Directiva PIF). DOUE do 28 de xullo de 2017.

#### **NORMATIVA NACIONAL:**

1. Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

3. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

4. Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

5. Instrución do 23 de decembro de 2021 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre aspectos que hai que incorporar nos expedientes e nos pregos reitores dos contratos que se vaian financiar con fondos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

#### **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA CONSIDERADA PARA O DESENVOLVEMENTO DESTE PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE.**

a) Avaliación do risco de fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude (DG REXIO) EGESIF\_14-0021-00; 16/06/2014 (Guidance Note on fraud risk assessment for 2014-2020).

b) Guía desenvolvida en aplicación do artigo 125.4 c) do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns.

c) Normas relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.  
[https://ec.europa.eu/regional\\_policy/es/informaton/publicatons/guidelines/2014/fraudriskassessme nt-and-efective-and-proporionate-ant-Fraud-measures](https://ec.europa.eu/regional_policy/es/informaton/publicatons/guidelines/2014/fraudriskassessme nt-and-efective-and-proporionate-ant-Fraud-measures).

d) Comunicación da Comisión (2021/C 121/01) - Orientacións sobre como evitar exestionar as situacións de conflito de intereses de acordo co Regulamento financeiro.  
[https://eur-lex.europa.eu/legalcontent/ES/TXT/PDF/?uuri=CCELEX:52021XC0409\(01\)ffrom=CES](https://eur-lex.europa.eu/legalcontent/ES/TXT/PDF/?uuri=CCELEX:52021XC0409(01)ffrom=CES).

e) OLAF Compendium of Anonymised Cases – Structural Actons (Recompilación de casos anónimos: accións estruturais).  
<https://ec.europa.eu/sfc/sites/default/files/sfc-files/OLAF-Intern-2011.pdf>.



f) OLAF practical guide on conflict of interest (guía práctica sobre o conflito de intereses). <https://ec.europa.eu/sfc/sites/default/files/sfc-files/guide-conflictinterests-ES.pdf>. g) e) OLAF practical guide on forged documents (guía práctica sobre a falsificación de documentos) <https://www.interreg-croataserbia2014-2020.eu/wpcontent/uploads/2019/05/Guide-on-forgeddocuments.pdf>.

g) Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitos/igae/eses/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>.

h) Orientacións para o reforzo dos mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, referidos no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

i) Guía para a aplicación de medidas antifraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia <https://femp-fondos-europa.es/wpcontent/uploads/2022/03/20220224-guia-medidas-antifraude.pdf>

### **3 CONCEPTOS E TERMINOLOXÍA**

Resulta imprescindible coñecer os conceptos sobre os que se articula o Plan de medidas antifraude conforme o establecido na Directiva UE 2017/1371, do Parlamento Europeo, sobre a loita contra a fraude, o Regulamento UE (Euratom) 2018/1046, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, e a Orde HPF/1031/2021, do 20 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

#### **3.1. CONFLITO DE INTERESES**

Estamos nunha situación de conflito de intereses cando se aprecie comprometido o exercicio imparcial e obxectivo de empregados públicos, cargos de representación política e calquera terceiro que participe na execución do orzamento, e no caso concreto deste PMA, na execución de fondos provenientes do MRR. As principais causas polas que se pode ver alterado este compromiso nas funcións que se lle encomendaron responde a razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal. Algunhas cuestións que destacar no conflito de intereses:

- Aplicable a todas as partidas administrativas e operativas.
- É aplicable e débese actuar, ante calquera tipo de interese persoal, directo ou indirecto.
- As autoridades nacionais, de calquera nivel, deben evitar e/ou xestionar os potenciais conflitos de intereses.
- Son posibles actores nunha situación de conflito de interese:
  - Os empregados públicos que realicen tarefas de xestión, control e/ou pago de actuacións públicas que sexan financiadas con fondos e sempre que actúen en favor dos seus intereses e en contra dos intereses financeiros da UE.

- Os beneficiarios privados, socios, contratistas ou subcontratistas, cuxas actuacións sexan financiadas con fondos do MRR, que poidan actuar en favor dos seus propios intereses, pero en contra dos intereses financeiros da Unión Europea, no marco dun conflito de intereses.

Atendendo á situación orixe do conflito de intereses, podemos distinguir:

- **Conflito de intereses aparente:** Prodúcese cando os intereses privados dun empregado público ou beneficiario son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obrigacións, pero finalmente non se atopa vínculo identificable, individual con aspectos concretos da conduta.
- **Conflito de intereses potencial:** Xorde cando un empregado público, cargo político ou beneficiario ten intereses privados de tal natureza, que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tivesen que asumir nun futuro determinadas responsabilidades.
- **Conflito de intereses real:** Trátase dun conflito entre o deber público e os intereses privados dun empregado público ou no que o empregado público ten intereses persoais que poden influír de maneira indebida no desempeño dos seus deberes e responsabilidades oficiais.

### 3.2. FRAUDE E CORRUPCIÓN

Estaremos ante un caso de fraude e corrupción segundo a Directiva 2017/1371, da loita contra a fraude, cando esteamos ante calquera acción ou omisión intencionada relativa:

1. Á utilización ou presentación de documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a percepción ou a retención indebida de fondos procedentes do orzamento xeral das comunidades europeas ou orzamentos administrados polas comunidades europeas ou pola súa conta.
2. Ao incumprimento dunha obrigaón expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
3. Ao desvío deses mesmos fondos con outros fins distintos daqueles para os que foron concibidos nun principio.

En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, a comisión dunha actividade corrupta ou fraudulenta require, polo menos, ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, que causa unha perda nos intereses da Unión, calquera acción ou omisión relativa:

- Ao uso ou a prestación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do presuposto da Unión ou de presupostos administrados pola Unión, ou no seu nome.
- Ao incumprimento dunha obrigaón expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto.
- Ao uso indebido deses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudiquen os intereses financeiros da Unión.

A Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión (Directiva PIF) establece que os estados membros adoptarán as medidas necesarias para garantir que a fraude que afecte os intereses financeiros da Unión constitúe unha infracción penal cando se cometan intencionadamente, e concreta un réxime sancionador no artigo 7. En cumprimento de tal previsión, a dita directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante a Lei orgánica 1/2019, do 20 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal para traspoñer directiva da Unión Europea nos ámbitos financeiro e de terrorismo, e abordar cuestións de índole internacional.

Con relación á fraude e á corrupción, precísase que a existencia dalgunha irregularidade non sempre implica a posible existencia de fraude; a concorrencia de intencionalidade é un elemento esencial na fraude, elemento que non é imprescindible para que exista irregularidade.

Co termo irregularidade, precisamos, en harmonía do Regulamento (CE/Euratom) 2988/95, do Consello, que “constitúe irregularidade toda infracción dunha disposición de dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico que teña ou tería por efecto prexudicar o orzamento xeral das comunidades ou os orzamentos administrados por estas, ben sexa mediante diminución ou supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta das comunidades, ben mediante un gastos indebido”.

### **3.3. PROXECTOS, SUBPROXECTOS E OUTRAS DEFINICIÓNS:**

- **Proxecto:** Conxunto de accións, recursos e medios baixo a dirección dun único responsable (entidade executora) que se crea para conseguir, nun prazo determinado de tempo, a finalidade ou resultados para os que se definiron as medidas do PRTR.
- **Subproxecto:** Descomposición dunha parte do proxecto ou doutro subproxecto, cando para a súa execución intervéñ máis dunha entidade executora. A descomposición en subproxectos leva asociada a transferencia de recursos económicos e o compromiso de cumprimento dos fitos e obxectivos á entidade executora do subproxecto.
- **Órgano xestor:** Órgano que é responsable da execución dun subproxecto.
- **Unidade executora:** Entidade á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, a execución dos proxectos ou subproxectos das correspondentes reformas e investimentos, baixo os criterios e directrices da entidade decisoria. As entidades executoras de proxectos ou subproxectos son os departamentos ministeriais e as entidades da Administración Xeral do Estado, e no caso de subproxectos nos departamentos ministeriais, entidades da AGE, as administracións autonómicas e locais e outras entidades do sector público.
- **Fitos e obxectivos:** Metas que hai que alcanzar en momentos determinados do tempo, permiten verificar que as medidas, proxectos, subproxectos ou liñas de actuación logran a finalidade ou os resultados para os que se definiron. Para cumprir a súa función os obxectivos deben ir asociados a indicadores que midan o seu progreso e determinen o seu cumprimento.
- **Irregularidade:** O artigo 1, apartado 2, do Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/95 do Consello, do 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas, define «irregularidade» como: “toda infracción dunha disposición do dereito comunitario correspondente a unha acción ou omisión dun axente económico que teña por efecto prexudicar o orzamento xeral das comunidades ou os orzamentos administrados por estas, ben sexa mediante a diminución ou a supresión de ingresos procedentes de recursos propios percibidos directamente por conta das comunidades, ben mediante un gasto indebido”.

- **Sospeita de fraude:** Irregularidade que dá lugar á incoación dun procedemento administrativo e/ou xudicial a nivel nacional co fin de determinar a existencia dun comportamento intencional, en particular dunha fraude no sentido do artigo 1, apartado 1, letra a), do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas establecido no Acto do Consello do 26 de xullo de 1995.

## **4 ÁMBITO E ALCANCE SUBXECTIVO DA APLICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE (PMA)**

### **4.1 ÁMBITO OBXECTIVO E REQUIRIMENTOS MÍNIMOS DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE**

A adopción deste plan de medidas antifraude na Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e a súa posterior aplicación polo persoal que engloba esta Administración local, reflicte a garantía da súa debida dilixencia na xestión dos fondos correspondentes ao PRTR que xestionarán e executarán, conforme ás normas aplicables de prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

De acordo coa normativa á que se fixo mención no apartado 2 do presente documento, o Plan de medidas antifraude debe constar dos seguintes apartados:

- a) Aprobación pola entidade decisora ou executora, nun prazo de 90 días, desde que se tivo coñecemento da súa participación na PRTR.
- b) Estruturación de medidas antifraude ao redor dos 4 elementos claves do “ciclo antifraude”: prevención, detección, corrección e persecución.
- c) Realizar unha avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave da execución do PRTR.
- d) Revisión periódica, anual, do risco da fraude, e sempre que se detectou fraude ou algún cambio significativo no proceso.
- e) Adecuar e instaurar medidas de control contra a fraude, con base no principio de proporcionalidade.
- f) Elaboración e presentación da Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), por quen participe en procedementos de execución de PRTR.

### **4.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN, DESCRICIÓN, COMPETENCIAS E FUNCÍONS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL COMO ENTIDADE LOCAL**

As entidades locais son institucións básicas da organización territorial do Estado. Dentro das súas competencias e actuacións, destacan, principalmente, as súas canles de participación cidadá, asuntos públicos e a xestión autónoma dos intereses propios das colectividadeas. Por esta razón, a importancia das autoridades e as administracións locais viuse incrementada nos últimos anos, adquirindo un papel de socios relevantes; especialmente, na implementación de reformas e investimentos que posibilitan o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia.



Preséntase este Plan de medidas antifraude para actuar co estricto cumprimento fronte ás esixencias establecidas no PRTR. Por iso, o ámbito de actuación e aplicación deste Plan antifraude inclúe a todos os funcionarios e empregados públicos da entidade local que estean implicadas na xestión de fondos públicos que proveñan do MRR; e, en concreto, a todas aquelas que teñan algún tipo de relación co deseño, a xestión, a elaboración ou a execución de proxectos que contén con financiamento do PRTR.

#### **4.3. ÓRGANOS RESPONSABLES. COMITÉ ANTIFRAUDE**

Unha das características propias que acompaña a este Plan de medidas antifraude é a constitución dun Comité Antifraude, que actuará conforme aos principios de transparencia e bo goberno, e ademais será o encargado de poñer en práctica o presente plan.

Na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, o Comité Antifraude estará constituído por:

- O/a secretario/a xeral da Mancomunidade ou persoa en quen delegue, presidente do Comité Antifraude.
- O/a interventora xeral da Mancomunidade ou persoa en quen delegue.
- O/a xerente da Mancomunidade ou persoa en quen delegue.
- O/a coordinador/a do proxecto “Red de Pueblos del Surf” ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario do Comité Antifraude o/a xerente da Mancomunidade ou persoa en quen delegue.

As funcións do Comité Antifraude serán as seguintes:

- Realizar a avaliación do risco dos intereses financeiros da Unión e a súa aprobación.
- Participar na identificación dos indicadores de risco, concretar a planificación de controis que hai que realizar no exercicio de control da xestión, primarán aqueles nos que se observe maior risco.
- Actualización periódica e seguimento do Plan de medidas antifraude, propoñeranse os indicadores de risco aplicables.
- Revisar o Plan de medidas e os seus controis de risco cando se detectou ou notificou proba ou indicio fundado dalgunha conduta fraudulenta.
- Comunicarlle ao persoal municipal a aprobación e actualización do propio Plan e as comunicacións relacionadas con este.
- Analizar os asuntos que puidesen ser constitutivos de fraude ou corrupción e no caso de que proceda, propoñer a elevación ao órgano competente para a súa remisión á institución que proceda. Terase que comunicar este feito á Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda, como autoridade responsable do mecanismo de recuperación e resiliencia dos feitos que se produciron e das medidas adoptadas ante unha posible fraude.

- Implementar o modelo da Declaración de ausencia de conflito de intereses en distintas fases do expediente contratación.
- Elaborar procedementos para abordar a fraude, a corrupción e o conflito de intereses. Elaborar e validar os modelos de documentos necesarios para a prevención, detección, corrección e persecución do conflito de intereses, a fraude e a corrupción.
- Propoñer medidas correctoras e de mellora dos procedementos relativos á prevención, detección, corrección e persecución do conflito de intereses, a fraude e a corrupción.
- Comunicarlle ao persoal da organización a aprobación e actualización do propio Plan de medidas antifraude e do resto de comunicacións que deban realizarse.
- Velar polo cumprimento do Código ético da FEMP.
- Análise das comunicacións dos posibles indicios de fraude, estudar e valorar estas.
- Divulgación entre o persoal da entidade da existencia da caixa de correos de denuncias externo do SNCA para a comunicación de fraudes ou irregularidades.

#### **4.4. MEDIDAS PARA AFRONTAR O CONFLITO DE INTERESES**

Neste Plan de medidas antifraude, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol incluíu un conxunto de medidas destinadas a cumprir o seguinte obxectivo: prever e afrontar coa dilixencia debida os posibles conflitos de interese que poidan xurdir na entidade local.

É preciso concretar que a existencia dun conflito de interese non debe e non ten que derivar nunha operación fraudulenta. Con todo, resulta fundamental elaborar unha metodoloxía aplicable que permita actuar con determinación e dilixencia naquelas actuacións con intencionalidade propia de fraude; e prever a comisión de posibles irregularidades.

Neste caso, desde a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol propónse realizar un desenvolvemento das medidas de prevención e corrección nas situacións nas que se aprecie un conflito de interese real.

##### **4.4.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN**

Como se indicou anteriormente, este Plan de medidas recollerá as actuacións segundo as que actuará a Mancomunidade ante os conflitos de interese real.

1º. En primeiro lugar, a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e especialmente, os membros do Comité Antifraude, son competentes e encargados de velar pola comunicación deste Plan, os seus valores e os principios de compromiso e transparencia que se plasman neste, e sobre os que executan todas as súas actuacións.

A Mancomunidade e o Comité velarán pola comunicación deste Plan de medidas, a súa filosofía e a Declaración institucional de integridade da Mancomunidade, que se achega como Anexo I.

2º. En segundo lugar, unha das especificidades principais que se considera na Orde 1030/2021 é a elaboración e sinatura da Declaración de ausencia de conflito de interese, de aquí en diante DACI. É un documento garantista e de carácter obrigatorio que estará presente en todos os procedementos de contratación vinculados a Fondos Next Generation, con independencia da categoría, procedemento polo que se tramite ou contía.



Este documento DACI ten dúas versións:

- A primeira versión é a que, obrigatoriamente ha de asinar o beneficiario ou adxudicatario do procedemento de licitación. Incorpórase o DACI do adxudicatario como anexo II.
- A segunda versión será asinada, individualmente, por todos aqueles empregados públicos, cargos políticos participantes e/ou asesores externos da Mancomunidad que participen no procedemento de contratación. Incorpórase o DACI da Administración pública como anexo III.

No caso da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, os membros participantes no procedemento de contratación han de asinar o DACI:

- No momento no que se aprobe o inicio do expediente.
- Con carácter excepcional, na composición e integración da mesa de contratación, cando se requira por calquera causa a participación dun suplente, que non estivese presente na aprobación de inicio do expediente, e actúe por primeira vez no procedemento.
- Ulteriormente, cando se asine o informe de valoración.

Como se indicou anteriormente, cando no procedemento, por causas circunstanciais, necesarias ou por vontade da Mancomunidad participe un comité de expertos ou servizos externos, a obrigatoriedade de asinar o DACI será estendida fronte a terceiros.

Con todo, e de acordo coa normativa estatal, é posible detectar unha situación de conflito de intereses unha vez que se iniciou o procedemento. Por iso, e de acordo coa Lei 40/2015, de réxime xurídico de sector público, a parte con consideración de empregado público que se ache nunha situación de conflito de intereses debe presentar a súa abstención ou recusación no momento en que resulte coñecedor desta, para facilitar o transcurso deste coa debida regularidade administrativa.

#### **4.4.2. MEDIDAS DE CORRECCIÓN**

Existen determinadas situacións nas que as medidas de prevención non resultan suficientes como para desalentar unha situación de conflito de interese. Cando isto ocorra, serán de aplicación as medidas de corrección.

Deste xeito, cando se teña constancia de que non se procedeu conforme aos principios de abstención ou recusación previstos na Lei 40/2015, de réxime xurídico de sector público, ou as medidas preventivas non resultasen suficientes para evitar un conflito de intereses, é necesario implantar e executar a medida de corrección. A principal medida correctora ante un conflito de intereses é a comunicación deste conflito ao órgano ou autoridade que sexa xerarquicamente superior. A dita comunicación require, obrigatoriamente, carácter escrito.

Posteriormente, unha vez realizada a comunicación, a autoridade facultada velará por que a persoa inmersa no conflito de intereses sexa apartada completamente do devandito asunto, e reservará a adopción de medidas que considere oportunas, e que se establezan no dereito aplicable. Ademais, nestes casos débese actuar co estricto cumprimento segundo a normativa e condicións da recusación e/ou abstención.

## 4.5 O CICLO ANTIFRAUDE

A teor do establecido na Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as medidas de prevención de risco de fraude na xestión de subproxectos integrados no PRTR, financiado con cargo aos fondos Next Generation EU, artículanse ao redor de 4 tipos de medidas que configuran o denominado “ciclo da fraude”: medidas de prevención, medidas de detección, medidas de corrección e medidas de persecución:



- **Prevención:** A prevención é un aspecto fundamental no sistema de control, que permite detectar anticipadamente a fraude, o conflito de intereses ou a corrupción; evita que se xeren ou alcancen estas situacións.

- A repercusión e o prexuízo que poden ocasionar calquera tipo de fraude nunha administración pública, no noso caso entidade local, fai necesario un sistema de prevención que evite e preveña calquera actividade de natureza fraudulenta.

- **Detección:** Para poder conseguir unha detección anticipada e óptima, determinarase un catálogo de indicadores ou de actuacións que, no caso de producirse, ofrecerán un sinal de alarma, pista ou indicio da comisión dunha posible fraude.

A activación dun ou varios indicadores, non implica, por si mesma a cualificación dunha operación ou contratación como fraudulenta; senón que xera unha advertencia sobre as actuacións que requiren un control ou un plan de acción complementario. Os indicadores, sinais de alerta e medidas de detección poden ser revisadas e/ou modificadas polo Comité cando sexa necesario e a condición de que supoñan un incremento ou unha mellora aos indicadores considerados en versións anteriores do Plan.

- **Corrección e persecución:** As condutas e actividades fraudulentas requiren un compoñente indiscutible para a súa detección e posterior investigación: a intencionalidade. Por iso, no relativo a este aspecto, non é competencia dos órganos administrativos o axuízamento e/ou sanción da conduta punible.

- A actuación encomendada aos órganos administrativos competentes dentro da entidade local é a revisión da documentación presentada, que conste no seu poder, e unha valoración preliminar sobre a existencia ou non de intencionalidade, coa finalidade de determinar se a conduta valorada debe remitírselles aos órganos xurisdicionais e/ou Ministerio Fiscal.

## 5 MEDIDAS ANTIFRAUDE

### 5.1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN

As medidas de prevención de fraude e corrupción teñen como finalidade principal reducir ao máximo posible o risco de corrupción na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, así como evitar todas aquelas condutas que impliquen unha intencionalidade fraudulenta.

Para poder conseguir unha filosofía e un compromiso eficaz ante a fraude, é de vital importancia conseguir unha comunicación efectiva desta cultura no persoal da Mancomunidade. A comunicación e o fomento de valores, así como a presentación de códigos de conduta ante a fraude poden facilitar a prevención de condutas fraudulentas e evitar, en gran medida, o exercicio de medidas máis complexas, con maiores consecuencias, como son as medidas de corrección e persecución.

- **Avaliación inicial de riscos:** detallaranse as actividades que, con maior probabilidade poden acontecer nos procedementos de contratación da Mancomunidade e que, poderían supoñer un risco de fraude. Nesta avaliación reflíctense as medidas de control para plasmar o nivel de risco, e polo tanto, atención sobre unha actividade. É importante considerar plans ou medidas adicionais a condición de que se alcancen uns parámetros ou indicadores igual ou superior a oito.

Non obstante, naquelas ocasións nas que o parámetro ou indicador suxira un risco inferior a oito, pero sexa relativamente alta para o Comité Antifraude, poderán engadir e incluír as medidas ou plans de acción adicionais que consideren oportunos e que permitan reforzar o control ante a devandita actuación.

É posible que o diagnóstico de avaliación, os riscos ou os controis estean suxeitos a oscilacións ou modificacións polo que, o Comité Antifraude pode revisalos, supervisalos ou renovalos cando e como se considere oportuno, sen eludir a revisión anual e a revisión cando exista indicio ou proba dalgunha conduta fraudulenta, nese caso debe avaliarse de novo o risco e expor alternativas e controis que amporen o devandito perigo.

- **Formación:** a adopción dun Plan de medidas antifraude ten obxectivos e finalidades que abarcan máis aló da mera prevención e corrección de conflitos de interese e condutas fraudulentas. A natureza e a obrigatoriedade deste Plan de medidas antifraude tamén busca implantar e crear unha cultura de transparencia e uns valores de tolerancia cero fronte á corrupción en todas aquelas administracións que son beneficiarias de proxectos xerados por mor do mecanismo PRTR.

É por iso polo que lles corresponde á Mancomunidade e aos membros do Comité Antifraude ofrecer pautas e o correcto coñecemento nesta materia a todos os empregados públicos da entidade local, tendo en conta a súa maior ou menor presenza no procedemento de contratación.

- Por iso, ao longo da primeira anualidade, a Mancomunidade prevé ofrecer, por si mesma ou promovendo a oferta formativa doutras administracións (Deputación Provincial, EGAP...) e facilitando a asistencia do persoal, unha serie de formacións complementarias destinadas especialmente aos empregados públicos e poderá xestionar a participación por departamentos segundo a especificidade das formacións. Algunhas das formacións que poden considerarse óptimas para conseguir este resultado son:
  - ✓ Transparencia na xestión e control de subvencións públicas.
  - ✓ Contratación pública responsable.
  - ✓ Integridade na contratación pública.
  - ✓ Xestión das ferramentas do portal de transparencia.
  - ✓ Calquera outras formacións que o Comité Antifraude da Mancomunidade considere necesarias e oportunas.
- **Declaración de ausencia de conflito de intereses:** a Mancomunidade engade como medida de prevención as declaracións de ausencia de conflito de intereses (DACI), por

parte do adxudicatario e por parte da Administración pública. Ambas as declaracións acompañan o presente documento como anexo II e anexo III.

O presente documento inclúese en todos os procedementos de licitación con cargo a Fondos Next Generation, con independencia da categoría, natureza ou contía. Ademais, para verificar a transparencia do procedemento e a ausencia de conflito de intereses ao longo de todo o expediente, o DACI da Administración pública, será asinado en ocasións diferenciadas:

- ✓ Na fase de incoación do expediente de contratación. Nesta etapa asinarano os axentes clave, é dicir, os empregados públicos do servizo que inicie o expediente de contratación. O órgano de contratación é o competente e encargado de iniciar o expediente, que motivará a necesidade do contrato e publicará a dita motivación. Ademais, de acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, correspóndelle esta competencia ao presidente ou persoa que o substitúa, e ao Pleno cando o contrato obxecto de procedemento non lle correspondese ao presidente da entidade polo seu valor ou duración.
  - ✓ Funcionamento da Mesa de Contratación: no caso da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, os empregados públicos encargados de iniciar o expediente de contratación, habitualmente, e salvo excepcións, sempre son os integrantes da mesa de contratación, que, á súa vez xa asinaron o DACI nunha etapa previa do procedemento. Por este motivo, só será obrigatorio asinar o DACI da Administración cando se constituía a mesa de contratación e nela participen novo/s integrante/s: empregado público, cargo político, comité de expertos, servizos externos da Mancomunidad.
  - ✓ Por último, será asinado o DACI da Administración polo empregado público ou redactor encargado de elaborar e presentar o informe de valoración do procedemento.
- **Canal de denuncias:** un dos elementos máis significativos en materia antifraude, e que debe ser adoptado polas entidades locais ou administracións públicas, é a elaboración dunha canle de denuncias a través da creación dunha caixa de correos antifraude.

Para adaptar a canle de denuncias aos parámetros e requisitos que establece a normativa, a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol comprométese a crear unha caixa de correos ou canle de denuncias que garanta o carácter anónimo das persoas interesadas que presenten a súa denuncia, para manter unha orixe descoñecida e a indemnidade de todas aquelas persoas que comuniquen algún indicio ou proba de corrupción ou fraude.

**Realizar unha repartición clara e segregada das funcións e responsabilidades:** a comunicación dunha cultura antifraude e de principios como a transparencia e o bo goberno, en conxunto coa formación dos empregados públicos nestas materias, facilitarán adoptar unha política de integridade no conxunto de órganos e departamentos da Mancomunidad. Deste xeito, resultará máis simple poder establecer os roles e as responsabilidades individuais de cada un dos integrantes, cargos políticos ou empregados públicos da Mancomunidad. Esta actuación e este instrumento permite diversificar as distintas fases do procedemento en varios empregados públicos capacitados para iso; sendo esta segregación de actividades unha medida preventiva ante unha posible conduta fraudulenta ou corrupta.

**Fórmulas e mecanismos que permitan avaliar e medir o nivel de risco:** Co termo risco alúdese á presenza de incerteza para a consecución duns obxectivos e/ou resultados dunha determinada organización. Neste caso, coa finalidade de xestionar correctamente os posibles riscos que poidan acontecer ou ter lugar nos procedementos de licitación, preséntase un sistema de “administración de riscos”. O devandito sistema permítelle á Mancomunidade realizar unha avaliación dos riscos presentes ou futuros que poidan acontecer no exercicio das súas funcións e actividade como administración pública, e tamén no seu papel como posible contratante. Ante esta situación, é recomendable analizar que ou cales poden ser os puntos de partida destes riscos, como poden ocasionarse e se existen causas potenciais, ou non que poidan orixinalos. Deste xeito, desenvolveranse diversas estratexias destinadas a neutralizar, xestionar ou corrixir os riscos e conseguir os obxectivos propostos.

## 5.2. AUTO-AVALIACIÓN INICIAL DA FRAUDE

Para elaborar este Plan de medidas antifraude, seguiuase a metodoloxía considerada na Guía da Comisión Europea sobre auto avaliación de risco da fraude.

Nunha primeira fase definiron os obxectivos da entidade local en materia antifraude, a relación de procesos que son precisos para conseguilos e que obxectivos queren alcanzarse. En concreto, a Mancomunidade pretende executar actuacións de subproxectos financiados con fondos NGEU.

